

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**5944** *Real decreto 335/2010, do 19 de marzo, polo que se regula o dereito a efectuar declaracións na alfándega e a figura do representante alfandegueiro.*

A Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, promulgada para responder á necesidade de incorporar ao ordenamento xurídico español os principios que introduce a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, supuxo, pola súa vez, a oportunidade de revisar o marco normativo de diversos sectores, co fin de eliminar obstáculos non xustificadas de acordo cos principios que introduce a citada normativa.

Por outra banda, a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, co obxecto de dinamizar o sector servizos e gañar competitividade en relación con outros Estados europeos, pretende estender os principios de boa regulación a sectores non afectados pola Directiva de servizos, e conseguir a supresión definitiva de trabas ou requisitos non xustificadas de acordo coa liña de actuación sinalada.

En concreto, respecto á representación en alfándegas, o Regulamento (CE) n.º 450/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, polo que se establece o Código alfandegueiro comunitario (código alfandegueiro modernizado), no seu artigo 11.2, dispón que os Estados membros poderán determinar, de conformidade co dereito comunitario, as condicións en que un representante alfandegueiro poderá prestar os servizos propios desta actividade no Estado membro en que estea establecido, e engade que, en determinadas condicións, estará autorizado a prestar tales servizos noutro Estado membro distinto daquel.

Ao mesmo tempo, considérase conveniente agrupar nunha soa disposición os aspectos que regulan o dereito a efectuar declaracións en alfándegas.

Neste marco, este real decreto dítase para modificar a normativa existente respecto ao dereito a presentar declaracións en alfándegas e á propia representación en alfándega, co obxecto de aplicar os instrumentos de liberalización das actividades previstos nas directivas e disposicións nacionais anteriormente mencionadas, adaptando a regulación do representante alfandegueiro ao establecido no citado Regulamento (CE) n.º 450/2008, do 23 de abril de 2008, no momento da súa completa aplicación, e configurando unha regulación única desta materia que supón a ampliación das formas de acceso á actividade de representante alfandegueiro e a redución de trámites administrativos para o seu exercicio.

Así, o artigo 1 establece a forma de presentación das declaracións alfandegueiras por parte da persoa que cumpra as condicións previstas no código alfandegueiro comunitario vixente, que se poderá realizar no seu propio nome e por conta propia ou por medio dun representante alfandegueiro.

O artigo 2 regula a forma de presentación de declaracións en alfándegas en nome propio e por conta propia.

Os artigos 3 e 4 regulan o réxime xurídico da representación alfandegueira e no último establécense condicións para o exercicio da actividade de representante alfandegueiro como actividade profesional, fixando os requisitos en relación coa representación voluntaria das persoas xurídicas, co fin de evitar a fraude ao sistema de representación alfandegueira.

Así mesmo, no mencionado artigo 4 establécense a liberalización do exercicio da actividade de representante alfandegueiro fronte á regulación vixente, xa que a única exixencia para o seu exercicio é a de acreditar un coñecemento mínimo da regulación

tributaria e alfandegueira do comercio exterior que dea contido ás especiais relacións xurídicas que o dereito alfandegueiro comunitario lles atribúe a representante e representado en relación co correcto cumprimento das obrigas alfandegueiras, e prevese a inscrición dos representantes alfandegueiros nun rexistro no Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria para os efectos da correcta xestión e control de uso deste tipo especial de representación voluntaria.

O artigo 5 regula as posibles formas de acreditación da representación, seguindo a liña prevista na Lei 58/2003, do 17 de decembro.

Tendo en conta que as garantías da débeda alfandegueira e fiscal e regulación da responsabilidade tributaria derivada da presentación de declaracións nas alfándegas están reguladas en distintas leis, cómpre incorporar, mediante as disposicións adicionais primeira e segunda, as formas prácticas de aplicación destas obrigas.

Este real decreto dítase en razón do disposto no artigo 149.1.10.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle outorga ao Estado a competencia exclusiva sobre réxime alfandegueiro e arancelario.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de marzo de 2010,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Persoas capacitadas.*

1. Toda persoa, física ou xurídica, que reúna os requisitos mencionados para o efecto no Código alfandegueiro comunitario poderá efectuar declaracións ante calquera administración de alfándegas co fin de asignarlles ás mercadorías presentadas nas alfándegas e recintos habilitados un determinado destino alfandegueiro.

2. A presentación de declaracións poderá ser realizada polas persoas capacitadas, por si ou por medio de apoderado, isto é, no seu propio nome e pola súa propia conta, ou ben valéndose de representante alfandegueiro designado para o efecto.

3. No caso de actuación por medio de representante alfandegueiro, a súa designación poderá recaer en calquera persoa que estea inscrita no rexistro previsto no artigo 4 deste real decreto.

4. As autoridades alfandegueiras poderán solicitar a acreditación da propiedade ou do poder de disposición das mercadorías presentadas a despacho alfandegueiro e, no caso de presentación das declaracións alfandegueiras mediante representante alfandegueiro, a representación con que este actúa.

##### Artigo 2. *Presentación de declaracións en nome propio e por conta propia.*

1. As persoas físicas que formulen unha declaración de alfándega no seu nome e pola súa conta deberán acreditar a súa identidade, cando así o soliciten os funcionarios ante os cales se presente a declaración, mediante a exhibición do documento nacional de identidade ou do pasaporte.

2. As persoas xurídicas, tanto públicas coma privadas, presentarán as súas declaracións por si mesmas, utilizando só os medios electrónicos admitidos pola Administración alfandegueira. A presentación de declaracións en papel realizaraa quen exerza a súa representación.

En caso de presentación de declaracións por persoas xurídicas a través do seu representante voluntario, o apoderamento só poderá ser outorgado a conselleiros ou traballadores en virtude dun contrato laboral por conta allea indefinido. Neste último caso, é necesario que o traballador non poida representar para estes efectos outras compañías diferentes daquela que lle outorga o poder. A súa condición de representante alfandegueiro quedará limitada á actuación por conta da entidade que o apodera.

En caso de presentación de declaracións por persoas xurídicas a través do seu representante, a aceptación da declaración alfandegueira polas autoridades alfandegueiras estará condicionada á acreditación por aquel da representación.

3. Cando a presentación da declaración alfandegueira se realice por medios electrónicos, será de aplicación o previsto na normativa vixente para o acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, sen prexuízo das especialidades que se poidan establecer no ámbito alfandegueiro.

#### Artigo 3. *Representación alfandegueira.*

Toda persoa, física ou xurídica, que se faga representar ante as autoridades alfandegueiras para efectuar declaracións en alfándega co fin de asignar un destino alfandegueiro ás mercadorías deberase valer dun representante alfandegueiro.

#### Artigo 4. *Condición de representante alfandegueiro.*

1. Serán representantes alfandegueiros, e poderán actuar en nome e por conta allea ou en nome propio e por conta allea, aqueles que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser persoa física con residencia legal en España ou no territorio de calquera outro Estado membro da Unión Europea.

b) Superar as probas de aptitude que convocará para o efecto, con periodicidade mínima anual, a Axencia Estatal de Administración Tributaria sobre cuestións relativas á normativa básica tributaria e alfandegueira no ámbito do comercio exterior de mercadorías, dos impostos especiais, da regulación do contrabando e do réxime económico e fiscal de Canarias.

Considéranse, para estes efectos, eximidos de cumprir este requisito:

1.º As persoas que teñan a consideración de axentes e comisionistas de alfándegas.

2.º As persoas físicas que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, estean habilitadas polo Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria para presentar declaracións en alfándega.

3.º As persoas físicas que durante tres anos, anteriores á entrada en vigor deste real decreto, asinasen, con regularidade, declaracións como apoderados e mantivesen unha relación laboral con persoas ou entidades habilitadas polo Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria para a presentación de declaracións en alfándega.

4.º Os representantes alfandegueiros legalmente establecidos en calquera outro Estado membro da Unión Europea que cumpran cos criterios previstos no artigo 14, letras a) á d), do Regulamento (CE) n.º 450/2008, do 23 de abril.

c) Estar inscrito no Rexistro de Representantes Alfandegueiros do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

A inscrición efectuarase de oficio, salvo nos supostos seguintes:

1.º O establecido no número 3.º) da letra b) anterior, caso en que deberá ser solicitado polo interesado ante o Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, achegando as probas xustificativas do cumprimento das condicións previstas no dito número.

2.º O establecido no número 4.º) da letra b) anterior, caso en que se deberá presentar, con carácter previo ao inicio da actividade, unha declaración responsable ante o Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria que inclúa os datos que identifiquen que están establecidos legalmente nun Estado membro da Unión Europea para exercer as ditas actividades e unha manifestación de que non existe ningunha prohibición, no momento da comunicación, que lle impida exercer a actividade no Estado membro de orixe.

2. En todo caso, terán a condición de representante alfandegueiro os operadores económicos que obtivesen o estatus de operador económico autorizado definido no artigo 5 bis do Regulamento (CEE) n.º 2913/92 do Consello, do 12 de outubro de 1992, polo que se aproba o Código alfandegueiro comunitario, mentres posúan esa condición e na medida en que se poidan acoller ás simplificacións establecidas na normativa alfandegueira, con independencia do Estado membro en que estean establecidos.

*Artigo 5. Poder de representación en alfándegas.*

1. A acreditación da representación poderase realizar por algún dos seguintes medios:

a) Mediante documento público ou documento privado con sinatura lexitimada notarialmente.

b) Mediante comparecencia persoal ante o órgano administrativo competente, o que se documentará en dilixencia.

c) Mediante documento normalizado de representación aprobado pola Administración tributaria que se puxese á disposición, se é o caso, de quen deba outorgar a representación, asumindo o representante coa súa sinatura a autenticidade da do seu representado.

d) Mediante documento emitido por medios electrónicos que cumpra coas garantías e requisitos establecidos pola Administración tributaria.

2. Cando se trate de declaracións referidas a mercadorías desprovistas de carácter comercial destinadas a particulares ou enviadas por estes, a representación indirecta presumirase concedida ao representante que presente a declaración en alfándega.

3. O apoderamento outorgado fixará os límites e o alcance da representación encomendada, con especificación da súa modalidade, indicando as operacións, actuacións e formalidades a que se estenda e o tempo da súa duración; poderá ser de carácter global para a totalidade das operacións ante a alfándega e por tempo indefinido.

*Disposición adicional primeira. Afianzamento da débeda alfandegueira e fiscal no caso de presentación de declaracións en nome propio e por conta propia.*

1. Cando, por razón da normativa de aplicación, sexa exigible a constitución dunha garantía co obxecto de afianzar o pagamento dunha débeda alfandegueira e fiscal, esta garantía deberaa presentar, na súa condición de debedor, a persoa física ou xurídica que efectúa a declaración de alfándega no seu propio nome e por conta propia.

2. Por petición do declarante, as autoridades alfandegueiras permitirán que se constitúa unha garantía global para cubrir varias operacións que dean lugar ou que poidan dar lugar a unha débeda alfandegueira e fiscal.

3. No caso de que a garantía se constitúa mediante aval ou fianza, o avalista ou fiador deberase comprometer expresamente e por escrito a pagar solidariamente co declarante o importe garantido da débeda alfandegueira e fiscal cuxo pagamento se faga exigible. O dito fiador, en todo caso, deberá ter a condición de entidade de crédito, entidade de seguros, sociedade de garantía recíproca e estar establecida no territorio da Unión Europea.

*Disposición adicional segunda. Afianzamento da débeda alfandegueira e fiscal no caso de presentación de declaracións por medio de representante.*

1. Cando, por razón da normativa de aplicación, a autoridade alfandegueira exixa a constitución dunha garantía, esta poderá prestala ben o propio declarante, ben a persoa por cuxa conta se presenta a declaración.

2. De se constituír a garantía mediante aval ou fianza seralle de aplicación o previsto nos números 2 e 3 da anterior disposición adicional primeira deste real decreto.

3. O fiador ou avalista serao en relación co obrigado ao pagamento dos dereitos de importación e suxeito pasivo do resto de tributos exigibles en relación co acto en que actúe o representante alfandegueiro. Non obstante, no suposto de representación indirecta, e só

para a débeda alfandegueira, o fiador ou avalista poderao ser en relación co representante alfandegueiro.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan a este real decreto e, en particular, as seguintes disposicións:

- a) Decreto 2721/1965, do 20 de setembro, polo que se regulan as condicións para o exercicio das funcións dos axentes e comisionistas de alfándegas.
- b) Real decreto 1889/1999, do 13 de decembro, polo que se regula o dereito a efectuar declaracións de alfándega.
- c) Orde do Ministerio de Facenda, do 9 de xuño de 2000, pola que se regula o dereito a efectuar declaracións de alfándega.
- d) Orde HAC/916/2004, do 23 de marzo, pola que se establecen as condicións para a obtención do título profesional de axente e comisionista de alfándega.
- e) Resolución do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal da Administración Tributaria, do 12 de xullo de 2000, relativa ao dereito a efectuar declaracións de alfándega.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime alfandegueiro e arancelario.

Disposición derradeira segunda. *Disposicións de desenvolvemento.*

1. Autorízase o ministro de Economía e Facenda para ditar as disposicións necesarias en aplicación deste real decreto.
2. Autorízase o Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria para a aprobación do modelo de declaración responsable prevista no artigo 4.1.c).2.<sup>o</sup>

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno  
e ministra de Economía e Facenda,  
ELENA SALGADO MÉNDEZ